Mercado e Comunicação na Sociedade Digital

José Marques de Melo
Osvando J. de Morais
(organizadores)

30 anos
INTERCOM
SOCIEDADE BRASILEIRA DE ESTUDOS INTERDISCIPLINARES DA COMUNICAÇÃO

UNISANTA
UNIVERSIDADE SANTA CECÍLIA

UNISANTOS
Universidade Católica de Santos

UNIMONTE
CENTRO UNIVERSITÁRIO MONTE SERRAT

Coleção Intercom de Comunicação, nº 21
Mercado e Comunicação na Sociedade Digital

Copyright © 2007 dos autores dos textos, cedidos para esta edição à Sociedade Brasileira de Estudos Interdisciplinares da Comunicação – Intercom

Direção Editorial
José Marques de Melo e Osvando J. de Morais

Capa
Marcelo Silvani

Projeto Gráfico e Diagramação
Aline Sato

Revisão
Luciana Coutinho P. Souza, Míriam Cristina Carlos Silva e Osvando J. de Morais

Ficha Catalográfica

Mercado e Comunicação na Sociedade Digital / José Marques de Melo, Osvando J. de Morais (organizadores). – 1ª ed. – São Paulo: Intercom; Santos-SP: Unisanta, Unisantos e Unimonte, 2007.

279 p. – (Coleção Intercom de Comunicação; 21)

ISBN – 978-85-88537-28-6

1. Comunicação – Mercado. 2. Comunicação – Sociedade Digital. I. Melo, José Marques de. II. Morais, Osvando J. de. III. Série.

CDD 1. ed. – 302.2

Todos os direitos desta edição reservados à

Sociedade Brasileira de Estudos Interdisciplinares da Comunicação – Intercom
Rua Prof. Lúcio Martins Rodrigues, 443, bloco 9, sala 2 – Butantã
05508-900 – São Paulo – SP – Brasil – Tel/fax: (11) 3091-4088
www.intercom.org.br – E-mail: intercom@usp.br

UNIMONTE
Campus Vitório Lanza
R. Brás Cubas, 344/346 – Bairro Vila Mathias
11013-162 – Santos – SP – Tel:(13) 3228-2100
www.unimonte.br

UNISANTOS
Campus D. Idílio
Avenida Conselheiro Nébias, 300
11015-002 – Santos – SP – Tel: (13) 3205-5555
www.unisantos.br

UNISANTA
Rua Oswaldo Cruz, 266, bloco D, sala 1 – Boqueirão
11045-907 – Santos – SP – Tel: (13) 3202-7123
www.unisanta.br

4.1 O malestar da comunicación: sobre a pertinencia de pensar a investigación en comunicación como realizativo

MARGARITA LEDO ANDIÓN (UNIV. DE SANTIAGO, GALÍCIA)

Sempre fomos ciborgs: seres que non poden distinguir a súa parte natural da artificial.

Fernando Broncano a Salvador López Arnal
www.sinpermiso.info, 15 xullo 2007

Do malestar da cultura ás razóns do estado do malestar como entrada para analizar a pesquisa en comunicación, podería ser o concepto-consigna que resume unha década de tránsito, de relación asimétrica e contradictoria de dous ámetos que case que deveñen constitutivos o un do outro, so o paradoxo de modos irreconciliábeis de pensamento e de aplicación do pensamento a un programa. Falamos de globlalización e falamos de espazos identitarios como territorios de intervención político/cultural.

A procura da cerna da contradicción xa semella innecesaria pois está tratada con sobexo na derradeira literatura que nos advirte sobre os efectos do avanzo do capitalismo financeiro-especulativo no que a chamada fenda dixital non é o peor aínda que si o máis significativo. Pero tal vez non teñan saído á tona todos e cada un dos aspectos principais da contradicción nin teñamos reparado abondo no porqué algúns matices determinantes, como o da transformación da diversidade en mercadoría, se manteñan máis ou menos na opacidade do cuarto de atrás.

Non teño que dicir que este vocabulario nostálxico que veño de activar –o aspecto principal da contradicción- non é inocente. É, pola contra, a paisaxe na que se pode debuxar un tipo de escolla e segue a servirnos para a ler a Altermundialización como un necesario mecanismo que introduz a idea de creba no proceso en curso de naturalización da sociedade dixital como nova modernidade e do mercado como o seu elemento estruturante.

O que me propoño reflexionar ten que ver coa aceptación pola miña banda dunha posición, para alén de crítica, de confronto co discurso da inevitabilidade da globalización (canda o seu continxente corpus doctrinario), posición que incorporo dende algúns autores do espazo europeo e tamén, de modo sobranceiro, dende os e as da América do Sul.

A celebración na Maison des Sciences de l'homme –París, setembro de 2006-, dun encontro arredor das mutacións nas industrias da cultura, a información e a comunicación congregou aos autores de referencia, que sigularizamos na conferencia inaugural impartida por Armand Mattelart, e destapou ideoloxemas con categoría de realizativos para o capitalismo global, como o da "creatividade" e a súa especialización como valor de cambio -co abandono paulatino do valor de uso- a traveso da individuación dos procesos formativos ou mesmo da esculca en prácticas das pequenas empresas para a súa absorción e adaptación ao principio da competitividade neoliberal[34].

E son custións coma esta as que nos fixeron retornar a aspectos que considerábamos instalados na resistencia activa e observar, dende a dialéctica, as súas variacións para, se for posíbel, localizar os mecanismo e vías de penetración das usurpacións, de cómo unha certa retórica pasa sen obstáculos e fica incorporado a nós.

¿Cómo Deconstruir as Usurpacións?

Diversidade e creatividade como recursos de mercado dende os parámetros expansivos do capitalismo precisan dunha operación de re-ideoloxización que pasa, obviamente, pola naturalización, a pé doutras naturalizacións, da diferencia como simples valor engadido a un produto, e da crenza nunha élite experta que xa non temos nin debemos identificar coa

34. Véxase a este respecto, a comunicación de Philip Schlesinger publicada na Revista da Associaçao dos Programas de Pós-Graduaçao em Comunicaçao, a compilación documental que realiza sobre a política do chamado Novo Laborismo verbo das industrias creativas e o papel da Universidade a prol do "business" e a derradeira definción operativa do devandito, tirada dos informes do Task Force corresppondente: "those activities which haver their origin in individual creativity, skill and talent and which have a potential for wealth and job creation though the generation and exploitation of intellectual property". Disponible www.compos,com.br/e-compos

clase dominante. A interrogante que o panorama que veño de descreber soergueu en min conduciume cara os modos de usar a linguaxe en política –que outravolta preocupa a Lakoff[35]-, cara o Austin de facer accións con palabras e, nomeadamente, cara o pensamento de Broncano[36], que cito a comén destas reflexións, e que a seguido remarcarei.

Unha das posibilidades para a concreción deste confronto radicará, tal vez, en amplar o xeito de entender o Mercado cara a súa consideración como vector nacional (so control político), que tanto se ten traballado no Brasil, que atinxe tanto á Comunicación como á Sociedade Dixital e que, non por acaso, nos congrega nesta nova convocatoria da Intercom.

Unha outra posibilidade terá que ver coa construción dun espazo no que -eís a proposta do filósofo Fernando Brancano- o experto se saiba cidadán e o cidadán poida apreciar o coñecemento do experto. E neste senso que nós, cientistas que tratamos sas relacións entre comunicación –como ben cidadán- e tecnoloxía, para unha función estruturadora da anterior temos diante o reto de prácticar o acceso e a acción sobre as TIC –tecnoloxías da información e da comunicación- como parte do dereito á información, a expresión e a comunicación.

Na necesidade de peneirar entre diferentes modalidades e con vistas á acción, un primeiro paso consistiu en facer balance, un balance que, como se vai ver, quérese heterodoxo.

Pequena Homaxe á Intercom

Dende que, no 1992, asistín pola primeira vez ao Congreso da Asociación Internacional de Estudos en Comunicación Social, AIECS, que tivera a súa sé na Guarujà, unha certa e esclarecedora empatía comezou o agromar a prol dun fato de pesquisadores e pesquisadoras do Brasil; un entendemento que non tocaba tanto as categorías que activabamos para o estudo de determinados obxectos específicos ou o recurso probatorio ás análise

35. Lakoff, George, *No pienses en un elefante*, Complutense, Madrid, 2007.
36. Broncano, Fernando, *Filosofía de la técnica para días de democracia*, Montesinos, Barcelona, 2006.

de caso, poisque nos movemos en dúas sociedades diferentes, como na importancia que lle outorgabamos á teoría-métodoloxía-aplicación, como parte da praxis, ou sexa á actitude e modo de entrelazar a aprendizaxe coa observación participante no real, e máis o discernimento de variábeis por veces non evidentes que poderían traer canda elas dilemas que nos fixeran comprender a pesquisa non como un eido protexido na Academia polo así nomeado 'método científico' se non como un ámeto a labrar.

Axiña soubemos que nos cinguía un manifesto sentido de pertenza como decisión epistemolóxica e como escolla persoal, lonxe de calquera asunción esencialista ou universalista tanto dos fenómenos mediáticos como dos marcos teóricos dende os que a reflexión devén nun modo de axir e, se cadra, anticipa as accións.

Porque a época era de mudanza, e porque esas mudanza, co dixital como nó organizador, sinalaba directamente para as industrias culturais convencionais como o lugar de cruzamento do sector da produción de contidos co sector das telecomunicacións, aspectos como o desregulamento, a concentración, ou a mundialización apareceron como novos tópicos nos escenarios e na paisaxe a atravesar. E sen sequera decatármonos, estes actores novos foron aparecendo como derivacións neutrais nas que recoñecer os sinais de contemporaneidade dunha sociedade. A seguido, o modo de denominar este campo anchou para o de industrias da cultura, da información e da comunicación e para un entorno no que sobranceia o termo 'diversidade' e tamén o de 'produción para a rede', en tanto sinónimo de final de fronteiras, gratuidade e mais liberdade co efecto amplificador dun novo século que remataría coa dor que deixaba tras si o século do real -da Revolución de Outubro, do Movemento de Países non Alineados, de Vietnam- para, en curto, cederlle o paso ao virtual.

Pero sen ter nin que pasar a folla, o anverso ecoa polos intersticios do modelo que con tanto agarimo publicitaron os expertos ata levarnos ao gume da destrución total: África ou a fuxida cara ningures, que nin se contabiliza para computar nas estatísticas de conectividade; as guerras económicas lexitímandose no combate ao 'eixo do mal'; a violencia como excedente que alimenta o corazón da grande maquinaria do capitalismo financeiro e, a maior abondamento, o sorriso do sistema a espallar de maneira case que doctrinaria a custión da diversidade, da innovación, da creatividade e da

nova caridade que a Globalización por medio da tecnoloxía nos fornece en continuo, tal o ciclista bondadoso que na mañanciña pousara unha dose de leite fresco na porta da morada.

En plural, o malestar da cultura, o malestar da comunicación, o malestar da civilización que Freud avantara e que a xeración de intelectuais-axitadores de entreguerras detectou e radicalizou, anque só fora para aprendernos a resistir, témolo outravolta entre nós. Acó, na Europa e ate aquel lugar ondia os viaxeiros arrivaban na procura de sándalo banco, a Illa de Timor.

No 2005 en Río, ao tratarmos da sociedade do coñecemento remarcamos que a participación cidadán –dende todas as culturas- tiña que ser un elemento articulador e que non estabamos en condicións de aceptar como natural a falta de acceso aos recursos que cómpren para o desenvolvemento da devandita 'sociedade da información e do coñecemento'. Como primeiro apontamento sobre o binomio desigualdade/desconexión citamos un exemplo multi-polar, a saber: entre USA e EU o ancho de banda soporta 1000TGbps de información simultánea; entre USA e Asia, 400 Gbps; coa África –repetímolo- nin se computa (fonte: TeleGeography Research, 2005). E os exemplos empíricos poderían seguir achegándonos un futuro abismal que non por ser capaces de taxonomizar iamos modificar.

Teño para min que foi precisamente a distanza crítica que se establecera arredor dos ideoloxemas que presentaban diante nós a globalización como inescusábel e unidireccional, a famosa TINA thatcheriana *There is no Alternative*, e a renovación de argumentos a prol da tradición de intervención das institucións públicas no ámeto da comunicación e da cultura, singularmente cando emerxen como un polo estratéxico a nivel económico e político, o que nos preparou para a rápida localización dalgúns síntomas e para a comprensión das mudanzas que, como se foran xeradas dende o seu interior, acompañou ao propio concepto 'globalización' co obxectivo de tornar opacas unha manchea de prácticas expansionistas, desestruturantes e aniquiladoras que se revelarán constitutivas da mesma e que lexitiman respostas de excepción defensiva –algúns programas europeos- ou ben a construción de alternativas, visíbeis xa na América e entre as que situamos a notación 'socialismo do século XXI'

Dende a conversión de intelectuais marxistas de outrora a militantes orgánicos da doutrina globalizadora como unha fase superior da modernización (Giddens) e ate a substitución da Agora académica pola aprendizaxe personalizada e o auto-didactismo regrado como un novo valor, o esvaemento das referencias do común, coa educación como un dos seus alicerces, que o sistema mediático amplara como dereito cidadán collía outros rumos, os vieiros da hibridación – dísenos-, mentres se nos alenta a sobrepasar categorías históricas como a identitaria para deixalas encrequenadas nunha presada de rituais.

En resumo, o que o noso querido Armand Mattelart calificaba como 'a revancha das culturas' facíase aparecer por parte dos *Think-Tank* como un resto melancólico que expresaba unha certa doenza da ánima, pero sen valor no real. Á par, tamén eles trocaron o seu discurso e mesmo avantaron algunhas demostracións de aceptación do diverso como un aquel que marcha co signo dos tempos. Nunha complexa trama que apenas comeza a se peneirar, entre as cales figura, obviamente, a de aproveitar nichos de consumo, atácanse as bases comunitarias das identidades tentando individualizalas, como expón maxistralmente o investigador mexicano Héctor Díaz- Polanco[37]:

> La globalización funciona más bien como una inmensa maquinaria de "inclusión" universal que busca crear un espacio liso, sin rugosidades, en el que las identidades puedan deslizarse, articularse y circular en condiciones que sean favorables para el capital globalizado. La globalización entonces procura aprovechar la diversidad, aunque en el trance globalizador buscará, por supuesto, aislar y eventualmente eliminar las identidades que no le resulten domesticables o digeribles.

Exaltar a diversidade e converter a pluralidade de culturas nun dos pontos fortes da súa reprodución e expansión é, arestora, o aspecto más visíbel das accións desencadeadas polo Imperio –segundo o nome *aggiornado* que propoñen Hart e Negri para a forma revella que adopta o Poder- como dique de contención e de disuasión para o Altermundismo nas súas múltiples manifestacións e situacións.

37. Díaz-Polanco,Héctor, <<Tesis sobre diversidad, identidad y globalización>>, conferencia pronunciada o 28 xuño de 2007 na sé do Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela-Galiza.

Alerta, pois, dende as Ciencias da Comunicación, para aquelas palabras que, segundo quen as utilice e dependendo de en qué contexto, varían de maneira radical a súa significación. A custión de intereses –conciliábeis ou non-, de expectativas –posíbeis ou a labrar- e de estratexia xeral –de ideoloxía- están xusto por tras

Retornando a algúns indicadores desta nosa andaina Galiza/Brasil, en novembro de 1998, convocamos en Compostela o II Coloquio Brasil/EE de Ciencias da Comunicación,

Tras a experiencia da primeira edición celebrada no verán de 1996 en Londrina (Brasil), o *Coloquio Brasil-Estado Español de Ciencias da Comunicación* pretendeu consolidarse como un foro académico que permitise ás comunidades científicas de ámbolos dous Estados, reunirse periodicamente para reflexionar verbo dos fenómenos comunicativos contemporáneos e avanzar na proposta e discusión de proxectos conxuntos. O encontro visaba, na ocasión, profundar nun ámbito que coidamos é o suficientemente amplo como para concitar o interese das diversas liñas de investigación coexistentes. Así, os traballos do coloquio orientáronse cara o tema *Comunicación audiovisual: investigación e formación universitarias*, buscando a especificidade destas con relación ás ofertas procedentes das propias empresas audiovisuais, dos institutos de investigación comercial e dos centros de formación profesional.

Os fenómenos axuntados baixo esa denominación de *comunicación audiovisual* son complexos e de natureza ben diversa. Na conformación da chamada *sociedade da información*, a comunicación audiovisual está a ocupar posicións estratéxicas para o desenrolo das economías en calquera dos niveis de referencia, dende o local ata o mundial. Pero a comunicación audiovisual participa asemade, e dunha maneira sobranceira, na configuración das identidades sociais e culturais da nosa época. Analizar o papel da Universidade e das súas propostas pedagóxicas e de investigación verbo deses procesos merece a atención da comunidade científica, contribuíndo dese xeito a que a comunicación audiovisual se desenvolva como industria, se exerza como profesión e se análise como fenómeno social dende posicións cualificadas e independentes. Eís a filosofía dquel encontro de 1988

Alén do máis, ese Coloquio deu lugar a unha relación estabilizada entre nós, coa súa tradución no apadriñamento que exerceu a Intercom para a incorporación da Asociación Galega de investigadoras e investigadores en comunicación na Federación lusófona de ciencias da comunicación ou na grande afluencia de colegas do Brasil á cidade de Compostela para a VII Lusocom no 2006.

Esta sensación de xenerosidade e de respecto do Brasil foi tal vez un dos estímulos cabdais que nos animou a amplar o noso interese intercultural do ámeto europeo ao americano e, en definitiva, ao de calquera outro territorio, lonxano ou próximo, diferente ou semellante, e a mantérmonos sempre pendente das posicións da denominada 'escola latinoamericana de comunicación'.

É por iso que me pareceu oportuno peneirar determinados síntomas e algúns sinais naquelas modestas contribucións que fun deixando no meu paso polos eventos que, como o deste trinta aniversario, nos convocan outra vez ao debate e, se for preciso, a precisar algunha acción táctica que nos axude a discernir os termos da contradicción.

Vou só escolmar –e modificar, se for o caso sinalando as razóns- aqués pontos que considero nodais na evolución do meu propio pensamento en relación a determinadas mudanzas tanto no sistema dos media como na paisaxe que ordena o uso dos produtos da industria da cultura e da comunicación.

Fago esta paseata coa primeira ancoraxe no 2000, e en Manaus e coa derradeira no 2005 no Río, porque quero elaborar unha posta ao día do que aínda me parez útil arestora e en conxunción co motivo desta fala, e que resumo na relación entre comunicación e sociedade dixital de onde emerxe un tópico sobre o que a investigación do Brasil ten un histórico exemplar: a comunicación alternativa e a educación como posta en práctica, ou máis ben posta ao día, da cidadanía. Poderíamos, agora, agradecer innúmeras contribucións ou, tal vez, manifestar a nosa débeda coas posicións dun Paulo Freire que aínda no Ibercom celebrado en Sevilla no outono pasado o profesor Luís Beltrán lembraba para xustificar a utopía na maneira en que se unen o que se denuncia co que se enuncia. Que é, en definitiva, o que procuramos facer.

> *Parler une langue, c'est habiter, construir, enregistrer un cadre du monde spécifique: une mondanité, au sens étymologique, fort, de cet mot. C'est occuper et traverser un paysage singulier dans le temps.*
>
> Georges Steiner in *Errata*

Porque tamén o meu país, anque por mor dunha experiencia distinta, por ser abocado a ondas migratorias seculares, 'foi mundo antes de ser nación', esta frase que lle escoitei na miña sesión de traballo a unha colega para se referir á Amazonia levoume a profundar na identidade como constitutiva da comunitas e fíxeno en paralelo a un proxecto no que, traballando dende o seu interior, se localizaban e sistematizaba os aspectos fulcrais do audiovisual na Galiza como síntoma do estado xeral dunha sociedade, da súa visibilidade e da súa capacidade para se expresar. Este proxecto, 'Tv e Interculturalidade' contemplou asimesmo a análise comparativa cun universo exterior, con situacións semellantes a nivel europeo –Bretaña e Gales– e deu como resultado o establecemento, por seis anos, dun Observatorio do Audiovisual, como primeira aplicación, dende a Universidade, dun programa de interese xeral que logo pasou a ser responsabilidade do Goberno galego e que serviu como operador para establecer tanto políticas públicas como para a aprobación dun mecanismo regulador, a Lei do audiovisual, que tomou corpo no Parlamento de Galiza en setembro de 1999.

O noso campo de traballo partía non só da necesidade se non da inevitabilidade da Tv de servicio público como parte da democracia, do dereito á comunicación e mais á cultura, se pensamos na mundialización en plural, se pensamos Europa en plural, dixemos en Manaus, e apuntabamos como positiva a evolución e as contradicións da derradeira década por conseguir se materializar nunha certa resposta, tamén dende as propias institucións europea, á lóxica das telecomunicacións. Localizar liñas de actuación en vencello con custións identitarias e situarmos a televisión nos seus respectivos contextos nacionais intraeuropeos levounos, nese momento, a entrecruzar e facer dialogar textos da CE, publicacións das autoridades de regulación, autores académicos e, de maneira especial, os informes e debates propiciados polo Instituto Europeo para os Medios no Foro Europeo do Cinema e da Tv, un Foro que naceu no 89 (o ano da Televisión sen frontei-

ras, TVSF) e no que están representadas compañías de Tv, autoridades de control, productoras, asociacións de espectadores, empresas da industria electrónica e consellos asesores.

"Non se trata, pois, de ver a tv como material encol do que especular, se non como condición para a práctica do dereito á comunicación e mais á cultura, como parte da industria da comunicación e da cultura –funcións de producción, de compra, de difusión-, como parte das relacións de intercambio co diferente en tanto diferente –relacións interculturais-, e como un activo na política de representación: como te ves, como te ven, como te queren ver, como te queres ver"

Abofé que no seu ideario non teríamos moito que redeseñar.

E chegamos ao Río no 2005 coa asunción dun modo de pensamento que expoñiamos a traveso da defensa da apertura da ciencia á toda a cidadanía e dunha rede que ten a súa orixe nese mesmo obxectivo: a PCTS, a Comunicación Pública da Ciencia e da Tecnoloxía representa[38]. A divulgación como razón da ciencia moderna, o que arestora comezan a chamar acción cultural científica, é para a Rede o modo de reunir tres elementos que están presentes ao longo do devalo histórico, elementos que identifican como *político*, *cognitivo*, que visa recodificar e trasladar a ámetos non especializados o anterior, e *creativo*, cuxa fin é a integración do coñecemento na vida cotián, precisamente paras establecer vincallos entre a Ciencia e a Sociedade. O singular, o que fai esta proposta diferente de outras manifestacións que tamén avogan pola universalidade do coñecemento e mesmo por pórlle fin ás barreiras do analfabetismo científico de acordo coas diferentes coordenadas de lugar, é a seguinte consideración:

Hoxendía obsérvase outra evolución interesante na PCST fóra de Europa. Aínda que por definición a ciencia moderna é internacional (global), os valores sociais e culturais locais adquiren grande importancia cando se trata da súa comunicación pública. A traveso da historia, e en todo o planeta, as civilizacións e as culturas produciron, validaron e diseminaron o coñecemento especializado polo medio da

38. Véxase a reseña elaborada por Pierre Fayard, Paola Catapano e Bruce Lewenstein para *Quark*, Publicación del Observatorio de la Comunicación Científica, OCC, de la Universidad Pompeu Fabra, UPF, núm. 32, abril-xuño, 2004.

creación de mecanismos, sistemas e medios específicos para iso. Ao investigar os devanditos sistemas posibilítase a súa renovación para que, a partires dunha forte base cultural, responda aos obxectivos e temas da PCST contemporánea.

Expúñamos desta maneira a nosa posición encol a imbricación entre pesquisa e sociedade a partires de pensarmos a pesquisa, no mellor e no menos bo, como unha sorte de index, como unha pegada que vai deixando o grao de vertebración dos factores constitutivos dunha comunidade determinada, incluídos os procesos de desmembramento político-territorial que deveñen da globalización e do modo de produción capitalista contemporáneo.

"Pretendo subliñar –dixen entón na Universidade Federal- que o acaso non ten lugar de seu e que cando as protagonistas do noso particular romance – referiámonos a Pesquisa e Sociedade- nin se recoñecen, seguen camiños paralelos ou mesmo escollen a distancia non por iso deixan de formar parte dun proceso xeral que os mantén en relación. Ou que cando na nosa rutina cotián albiscamos eses 'novos condicionantes <<externos>> ao coñecemento científico -que García Canclini localiza na disputa polo poder académico, disputa que se traslada a programas de investigación e de relación coas institucións- teñamos que nos remitir a cando se nos fixo crer na lóxica da eficacia –anos 80- e teñamos que pensar se naquel intre nos paramos a reflectir no que viña atrás desa irrupción neoliberal que nos abocou á satisfacción das necesidades do mercado. En menos dunha xeración o que acontece non é se non ca o corte, en seco, da comunicación entre os estudosos, a súa sociedade de pertenza, e o lugar desta no proceso de globalización"[39]

O que axiña se pode deducir a propósito das custións que nos levan a determinar a interacción necesaria entre Investigación e Sociedade que serán todas aquelas que tratan da implicación concreta da esfera pública e do coñecemento –mesmo o deber da cidadanía en se educar no dixital, como demanda Castells- e da posibilidade de deseñar vieiros para a comunicación e o intercambio sistematizado, entendido como proceso estruturante, é

39. O texto completo publicouse na Finlandia nun libro-homaxe ao profesor Tapio Varis *Communication and Learning in the Multicultural World* (Prof. Pekka Ruohotie and Dr. Rupert Maclean, ed.), University of Tampere and OKKA Foundation, Finland.

dicir, comunitario, é dicir, nacionalitario. Nada nos fai pensar –se deixamos á marxe os cantos de serea do oportunismo e se non queremos entregarnos de pés a cabeza ao Imperio- que a nación estea ultrapasada.

E o mesmo que tencionara debater en La Plata, Arxentina, con motivo do simposio Ibercom. Pero o ambente non era propicio. Non entre nós, os estudosos –aínda lembro a conversa e o ánimo que me deu un dos fundadores, en 1957, da AIECS, o investigador uruguaio Roque Faraone- se non o dos universitarios posmodernos, que entenden a identidade como reducionista e que non se paran en barras á hora de citar autores de todas as camadas, ideoloxías e escolas para, na fin, achegar a desaparición dos condicionantes, da alteridade, da desigualdade, da loita de clases é, obviamente, coa Internet, a desaparición do grande condicionante, o Poder. A transustanciación virtual entre desaparición/intervención sería, de facto, o grande trunfo dos ideoloxemas do Imperio.

Non sei se se trata dunha lectura interesada do Negri, quen tamén adopta por veces esta posición, unha crenza total no comunitarismo global e na tecnología, a que amparaba a paisaxe daqués xoves investigadores de La Plata, por iso decidínme pola distanza inxusta de non establecer diálogo e de manter que non aceptamos a asimilación-aniquilación da diversidade como peza de consumo, nin na actitude poshistórica de que non imos a parte ningunha porque tampouco vimos de ningunha parte a partir de que se xeraliza/relativiza a alteridade, e por iso retornei á posta en relación deste pasado con este presente, en termos benjaminianos. Xa que logo insistimos en que para nós a trama produción-diversidade -dende a identidade- é unha das pezas que articulan a cultura material e simbólica como un activo na definición de áreas xeo-políticas. Ou sexa, de Sudamérica, de Europa, dos países de lingua e cultura galego-luso-afro-brasileira ou da nación indíxena.

Como sabemos, nos modelos de coñecemento vixentes, en modelos que á par das funciones clásicas -entender para usar; analizar para saber discriminar; agrupar en categorías e sintetizar; integrar o momento científico/técnico como parte dun fluxo en cambio permanente- se insiste en la influencia da formación sobre o entorno, tamén se nos advirte dunha realidade denominada <<estrañamento>> entre as expectativas que o coñecemento perfila e os resultados a nivel social ¿ónde, pois, a orixe da contradicción?

Tal vez, apuntámolo como sospeita, na indiferenciación entre a técnica e a práctica, entre a concepción abstracta de modelos e as súas condicións de produción, entre docencia como rutina, investigación como curriculum individual e teoría como préstamo dende a hexemonía. Tal vez, no terreo que nos toca labrar se manifesta ese estrañamento entre a corporación profesoral e a Identidade como presenza do <<nós>> na esfera pública que é o que, a fin de contas, nos esixe algún tipo de proposta.

Identidade por vontade, como pertenza, como inclusión nun suxecto colectivo, nun grupo, nunha sociedade, -veleiquí o sentido que adquire calquera calificativo como o de <<identidade galega, brasileira, bolivariana>> ou levado ao noso campo, o de escola crítica da dependencia, a súa presenza entre os teóricos dos que emerxera a decisiva Nova Orde Mundial da Información e a Comunicación, NOMIC, ou os estudos etnográficos e as mediacións, por citar algunhas das máis influintes) que nos remita ao substantivo e máis xeral ou cara espazos particulares coma o literario,o cinematográfico, o político, o da educación e a investigación en comunicación dende, por exemplo, a 'escola latinoamericana'.

Identidade a traveso da súa formulación na historia –con ou sen estratexias identitarias, sen ou con estratexias erradas por exemplo na escola ou na administración, con ou sen república, con ou sen papeis- e unha notación contemporánea que fai visíbel unha presenza forte do nós -no Foro Social de Porto Alegre, non por acaso, ou a movilización xeral en torno da plataforma 'Nunca máis' no que, a nivel gubernamental español se chamou crise do Prestige e que converteu Galiza nun burato negro-, presenza do 'nós' que se da, precisamente, en momentos de creba, nos advirte o quebequés Jean Guy Lacroix- mentres se esfarela o papel das institucións, mesmo políticas, incluso aquelas que ostentan o grao máximo de representación democrática, -lémbrense do Parlamento español e a súa entrega aos designios de Bush-, un proceso de descomposición do que no se libran os medios de comunicación.

Identidade como un real que inclúe, non podería ser doutro xeito, a representación dese real (Bourdieu); identidade como diferenza –pero sen límite de acceso á diferenza, remarcase- e, polo tanto como consciencia do outro; identidade/ alteridade como relación e como manifestación no soamente no imaxinario, na ideoloxía, como desexo ou como pretexto se non –e de maneira singular- na cultura material –para mi nos produtos

da industria da comunicación e da cultura e da súa circulación en diversos escenarios, incluído o mercado.

Estas e outras variacións, a ausencia de dogma a que compromete o método, deveu un dos mellores aliados para ollar as cousas doutro xeito e mirar o modelo dominante para a sociedade dixital non como algo natural e universal, resultado da expansión modernizadora e que espallaría cara todo os confíns os cometidos do estado do benestar, se non como imposición dende unha nova matriz líquida, inapreixábel, e aniquiladora que é a forma que adquire arestora o modo de produción do capital.

> *Oggi abbiamo una nouva, buona occasione di liberazione delle singolarità, rappresentata dall'espansione sociale di nuove forme di comunicazione cooperativa e reticolare (...) Questo non significa que il socialismo sia oggi "soviet piú Internet": voglio dire que ritengo gli inventori dei nouvi modelli del vivere comunicativo molt più socialisti che capitalisti, molto più legati a un concetto di solidarietà che a quello del profitto*
>
> Negri in *Goodbye Mr. Socialism*[40]

Recapitulación con Variacións

Aló, no encerramento do II Coloquio Brasil-Estado español de Ciencias da Comunicación, comprometerámonos a unha intervención específica: organizar unha Feira de produtos audiovisuais que abranxera a área da lusofonía. E esta Feira, que se levou adiante dende a AGACOM, como asociación responsábel da Lusocom 2006, converteuse na posta en escena dun programa de intercambio de contidos do Terceiro Sector, a máis de mostras de todo tipo de produción e de todos os países que partillan sistema lingüístico.

40. Negri, Antonio, *Goodbye Mr. Socialism*, ao cuidado de Raf Valvola Scelsi, Feltrinelli, Milano, 2006. Véxase con atención o capítulo 3, <<Sinistra, pace e non violenza>> e párense con coidado no 4, <<Seattle: la comparsa de la multitudine>> onde se nos di que o traballo cognitivo sustitue ao material, chegando ate a elaboración da expresión "comunismo del capitale".

Se viramos os ollos cara atrás, nos acordos do II Coloquio preconizamos articular programas para o seu paso polas televisións, en aplicación da idea dun dos animadores de TvCultura, -a pública do Estado de Sao Paulo- Negro Isola, que preconiza festivais de cine latino pero no en sala se non nunha grella de emisión concertada. E fixemos as primeiras tentativas máis un esbozo de proxecto que precisaba incorporar organizacións 'pesadas' tipo a TVG, a RTP ou algunha máis lizgaira como a devandita TVcultura que eu propia visitei. Pero axiña a proposta comezou a se manifestar como irrealizábel debido a esta dependencia de organigramas que non podíamos asegurar nin controlar. E a idea ficou a agardar.

Ate que un bo día, tamén dende Brasil, o Marcelo D'Elia Branco –vía Catalunya- chegou ate nós co seu fardel ateigado de *open soft.*

Marcelo traballou cos expertos do Centro de Supercomputación de Galiza. falou un bn día no Consello da Cultura Galega ao abeiro dun encontro de debate e defensa da liberdade de crear, distribuír e modificar o soft para que comunicación e interactividade pasen das corporacións para o mundo cidadán; axudounos a repasar o sentido de termos como "revolución tecnolóxica vs. relacións sociais" e tamén a relativizar outros extremos para que nos fora doado deducir que non existe a nova economía se non a especulación financeira a volta das tecnoloxía e que a fraseciña "non existe alternativa" que pronunciara a Thatcher serve para quen serve e para quen queira facela server.

E algo do mundo, do modo de entender o uso e as formas de apropiacións da tecnoloxía, mudou. E agora comezamos a pensar niso dun ensaio de Tv-interactiva para comunidades obxecto e suxecto de pesquisa (dos pesquisadores e dos seus ámbitos de aplicación) no entorno Lusocom.

Hai poucos días Marcelo Branco falaba outravolta, no transcurso dun curso de verán da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC encol Tv dixital terrestre e por Internet. E voltou para a pá da man a certeza de que o produto información, coñecemento e cultura non terá sentido para nós, nin poderemos entender o paso da sociedade industrial á sociedade en rede como aquela na que se poden compartir valores porque é flexíbel, horizontal, está interconectada, organizada (articulada) como múltipla, pensada para intercambio, se non mantemos a distanza necesaria coa tecnoloxía –e non a confundimos cun modelo social – e non somos conscentes das diferenzas, diferenzas que de Finlandia (estado do benestar) a Singapur

(dictadura) apontan cara a responsabilidade colectiva e das instancias de pesquisa e, obviamente, políticas na praxis conducente cara un ou un outro modelo de natureza non compatíbel.

Na idea, pois, de traballar a prol dunha 'tele de grupo' interactiva, é dicir, decidida por un colectivo disperso para ver en común determinados contidos e falar do modo en qué vemos eses contidos dende distintos universos simbólico-culturais – no caso que nos ocupa estaría formado por investigadores e investigadoras das diferentes asociacións da Lusocomúnense aspectos experienciais con outros participativos como parte dun proxecto que non se poderá levar avante sen esa compoñente que identificamos como 'realizativo'.

Do lado. Pois, dos comportamentos sociais máis ca do lucro, igual que se poden localizar medidas políticas na altermundialización e mesmo en cativos intentos correctores, como o esforzo de regulación en espazos coma o europeo ou o latinoamericano, a experiencia acumulada e desenvolvida pola cultura de grupo na Internet debera entrar, de modo sobranceiro, na Lusocom, nese lugar das identidades múltiples.

E remato, tamén, con Héctor Díaz-Polanco, o autor do texto no que tempero a idoneidade de proseguir coas miñas sospeitas e de achegar a decisión de intervir tanto a nivel experimental como no das recomendacións na liña lene que tenta unir a Academia coa verdade, coa sociedade de pertenza que é onde existen unha manchea de niveis e de capas diversas que son constitutivas do 'nós. Chamando a atención para a pertenza como un acto de decisión voluntaria, cando fala de darmos cabo da tentación etnocéntrica e isolacionista asumíndoa como procesual, o investigador do México fainos, sen dúbida, un bocadiño máis felices ao nos dicir:

Cando un analista iñora determinacións socioeconómicas, clasistas, etc. dunha identidade, comete un erro. As identidade non se manteñen idénticas a sí mesmas, mercede a unha pretendida esencia invariábel que flota por riba da historia, se non que se fan e se desfán, e as veces entran en 'invernía' para após renascer

Coa licenza de traducir esta derradeira acoutación ao idioma que me une a vostés, longa vida á Intercom e un grande futuro para o <<nós>>.